

CONVOCATORIA DE PRIMEIROS EXERCICIOS OPOSICIÓN: C2: OFICIAL e ARQUIVOS E BIBLIOTECAS AP: LIMPEZA E COCIÑA

Santiago de Compostela 10/12/24

Publicadas en DOG as Resolucións polas que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio dos seguintes procesos selectivos:

- [Acceso libre e de promoción interna, no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala auxiliar de recursos naturais e forestais, especialidade de oficial.](#)
 - Día: 15 de decembro de 2024
 - Hora: chamamento único que se iniciará ás 9.00 horas
 - Lugar: salón de actos e nas aulas 1, 6, 7 e 9 da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela.
- [Acceso libre e de promoción interna, no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos e bibliotecas.](#)
 - Día 14 de decembro de 2024
 - Hora: chamamento único que se iniciará ás 9.00 horas
 - Lugar: pavillón 2 da Feira internacional de Galicia Abanca en Silleda
- [Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de limpeza e cociña.](#)
 - Día: 14 de decembro de 2024
 - Hora: chamamento único que se iniciará ás 15.30 horas
 - Lugar: pavillón 2 da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda

A ter en conta:

- As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.
- Non se permitirá o acceso ás aulas en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

